

**DONA ELISA MARTÍNEZ ARIAS SECRETARIA ACCTAL. DO CONCELLO DE  
MONFORTE DE LEMOS, (Lugo)**

**CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 9 de agosto do 2021, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**"27.- APROBACIÓN BASES SUBVENCÍONS ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL 2021.**

1.- Tendo en conta que desde a Concellería de servizos sociais e discapacidade do Concello de Monforte de Lemos se pretende fomentar, apoiar e incentivar o desenvolvemento de proxectos complementarios de servizos sociais comunitarios de entidades de iniciativa social previamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións atendendo ó seu interese social, calidade, carácter innovador, eficiencia e articulación efectiva coa oferta pública de servizos sociais comunitarios; motivo polo que se elaboran as bases que rexeran a convocatoria de subvencións para este exercicio.

2.- Tendo en conta o previsto no orzamento municipal, ANEXO DE SUBVENCÍONS, para o exercicio 2021:

**31ª B) SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA 2021 (por Áreas):**

APLICACIÓN		DENOMINACIÓN	IMPORTE
ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			
231	48003	SUBVENCÍONS ASOCIACÍONS DE CARÁCTER SOCIAL, ACTIVIDADES 2021	12.000,00

3.- Visto o Plan estratéxico de subvencións para 2021 no que se establecen os obxectivos a alcanzar así como os importes máximos a outorgar do seguinte xeito:

**CAPÍTULO VI. SUBVENCÍONS EN MATERIA ATENCION SOCIAL .**

**ARTIGO 10.**

*1. Os servizos sociais municipais dentro do seu marco de competencias delimitado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do Sistema Galego de Benestar, consonte cos dous niveis de actuación, tendo como unha das súas finalidades, garantir como dereito recoñecible e esixible os dereitos das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función do da valoración obxectiva das súas necesidades. En concreto as subvencións terán como*



*finalidade apoiar aos sectores da poboación mais desfavorecidos mediante becas de libros de texto e material escolar, axudas de emerxencia social e axudas para programas específicos que desenvolven directamente as asociacións de iniciativa social.*

**2. Obxectivos:**

- *Promover a realización de programas e servizos específicos dos servizos sociais dirixidos principalmente a colectivos en situación de risco de exclusión ou en graves circunstancias de marxinación socioeconómica*

**3. Efectos que se pretenden:**

*Integración social de persoas en risco de exclusión e subsanación de deficiencias económicas e mesmo sociais.*

**4. Prazo para a súa consecución.**

*Ano 2021*

**5. Custes previsibles:**

*O custe estímase por un importe total de 99.000,00 € con cargo ás partidas 231.48 do orzamento municipal que inclúe dous programas.*

- *Situacións de emerxencia social: 60.000,00€.*

APLICACIÓN		DENOMINACIÓN	IMPORTE
ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			
231	48000	EMERXENCIAS SOCIAIS	50.000,00
231	48001	PROGRAMA DE MELLORA ENERXÉTICA NOS FOGARES	10.000,00

- *Bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adjudicación destas subvencións, para material escolar e para actividades de asociacións cuxos fins teñan carácter social:*

APLICACIÓN		DENOMINACIÓN	IMPORTE
ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			
231	48002	SUBVENCIÓN BECAS ESCOLARES (MATERIAL ESCOLAR CURSO 2021/2022)	20.000,00
231	48003	SUBVENCIÓN ASOCIACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL ACTIVIDADES 2021	12.000,00

- *Concesión directa:*

APLICACIÓN	BENEFICIARIO		OBJECTO
	NIF	NOME/RAZON SOCIAL	
231/48004	R2701016D	CÁRITAS	PROGRAMA DE AXUDAS PARA CUBRIR AS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE EN MONFORTE
231/48005	Q29660016	CRUZ VERMELLA	Actividades xuvenís de ocupación do tempo libre

CSV: 07E50007AACD00Y2D7X5H6U8K6



## 6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases que rexerán a convocatoria en concorrencia competitiva de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para actividades realizadas no ano 2021, co seguinte detalle:

### ***“Primeira. Obxecto e finalidade da convocatoria***

*Esta convocatoria pública ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro que realicen proxectos de prestación de servizos sociais no Concello de Monforte de Lemos para o ano 2021. As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.*

*Deste xeito, o Concello de Monforte de Lemos pretende fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos complementarios de servizos sociais comunitarios de entidades de iniciativa social previamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións atendendo ó seu interese social, calidade, carácter innovador e articulación efectiva coa oferta pública de servizos sociais comunitarios.*

### ***Segunda. Entidades beneficiarias e requisitos***

*Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases as entidades de iniciativa social ás que se refire o artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, que realicen actividades ou desenvolvan proxectos de interese social para o municipio no ámbito dos servizos sociais e que soliciten subvención con cargo a esta convocatoria e reúnan á finalización do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:*

- *Ter a súa razón social ou sede no Concello de Monforte de Lemos.*
- *Carecer de ánimo de lucro.*
- *Estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Monforte de Lemos como asociación de clase asistencial.*
- *Estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello, coa Seguridade Social e Axencia Tributaria.*
- *Non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas previstos na*



*Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

- *Que a actividade para a que solicitan a subvención estea prevista dentro dos obxectivos da entidade e acorde co establecido na base terceira das bases reguladoras e recollidos nos seus estatutos fundacionais e se realicen no termo municipal de Monforte.*
- *Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixasen nas correspondentes convocatorias.*

*Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.*

*Quedan excluídas da presente convocatoria as entidades e asociacións de carácter exclusivamente cultural, veciñal, xuvenís, deportivas, ANPAS e profesionais.*

#### **Terceira. Actividades obxecto de subvención**

*Serán obxecto de subvención o desenvolvemento de actividades e proxectos de carácter social que teña como persoas destinatarias últimas calquera dos colectivos das distintas áreas de actuación propias dos servizos sociais primando aqueles colectivos de persoas que por razón de índole económica, de saúde ou concorrencia de circunstancias sociais, étnicas ou culturais sufran especiais dificultades respecto da xeneralidade de poboación de precisen dunha atención específica para garantir o acceso a calidade de vida e participación social. Incluirase con carácter excepcional na presente convocatoria o financiamento de actividades, material ou outros gastos extraordinarios ocasionados pola Crise Sanitaria do Covid -19 en relación co funcionamento dos centros e a realización de programas de inclusión social da súa titularidade.*

#### **Cuarta. Financiamento**

*A contía prevista para a convocatoria de concesión de subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais, con cargo á aplicación 231.480.03 do Orzamento municipal do Concello de Monforte de Lemos para o ano 2021 ascende a doce mil euros (12.000 €)*

#### **Quinta. Contía e límite da subvención**

*A determinación da contía de subvención a cada entidade será acordada pola Xunta de goberno local tras a proposta previa da comisión de valoración, de acordo cós criterios establecidos na base décimo segunda.*



#### FIRMANTE - FECHA



*Así mesmo, a contía máxima da subvención por entidade non poderá exceder os 2.000 euros. Do mesmo xeito, como regra xeral o importe máximo da subvención para cada proxecto ou actividade non poderá exceder do 70% do seu orzamento.*

### **Sexta. Compatibilidade das subvencións**

*As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións e entes públicos ou privados. En ningún caso, o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou proxecto subvencionado.*

*As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non serán compatibles con outras concedidas por outros departamentos do Concello de Monforte para a mesma finalidade no exercicio 2021.*

### **Sétima. Solicitudes e documentación**

*As entidades interesadas deberán presentar as solicitudes de acordo cos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos, nos servizos sociais comunitarios ou na web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es).*

*As solicitudes (**Anexo I**) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:*

- Fotocopia compulsada do NIF en vigor da persoa física que actúen en representación a presentar co **Anexo II**.*
- Proxecto descritivo da actividade asinado pola persoa representante con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivos e fins, temporalización, metodoloxía e avaliación a que se destinarán os fondos, de acordo co baremo que figura no punto 12 destas bases. **Anexo III**.*
- Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. **Anexo IV**.*

*O Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa Facenda municipal.*

### **Oitaba. Lugar e prazo presentación solicitudes**

*A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentarse no Rexistro Xeral do Concello, Campo se San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos*



ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiriráselles aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de 10 días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo terásele por desistido da súa solicitude.

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación íntegra do seu contido .

#### **Novena. Publicidade da convocatoria**

As bases reguladoras publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOP do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción na páxina [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no taboleiro de anuncios do Concello segundo o disposto no artigo 18.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Décima. Procedemento de concesión**

A instrución do procedemento corresponderalle ós servizos sociais comunitarios municipais da Concellería de servizos sociais e discapacidade que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución de acordo có informe de valoración emitido pola Comisión de valoración.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, crearase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de realizar a selección das solicitudes e de emitir o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada no caso daquelas susceptibles de someterse a un réxime de concorrencia competitiva, indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso. A comisión de valoración estará formada por:

-Presidenta: Concelleira de servizos sociais e discapacidade



*-Vogais: coordinadora en funcións do departamento de servizos sociais municipais*

*-Secretario/a, con voz pero sen voto: representante do servizo de intervención municipal.*

*En caso de ausencia dalgún membro da comisión de valoración, este será substituído pola persoa designada polo/a presidente/a.*

*A Comisión, logo de avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe no que se concretará o resultado da valoración efectuada, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo de exclusión.*

*O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver. A proposta de resolución deberá expresar a relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles; especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración e no seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.*

*A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.*

*A resolución será motivada e conterá, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención a desestimación do resto das solicitudes.*

*O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes a contar desde o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes. A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da LRXAP/PAC.*

*Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición. O vencemento do prazo sen ter notificada a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.*

### **Décimo primeira. Recursos**

*As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses a*



#### FIRMANTE - FECHA



partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

### **Décimo segunda. Criterios obxectivos de outorgamento e ponderación**

A) A adxudicación das subvencións farase en concorrencia competitiva tendo en conta os principios de igualdade, transparencia, non discriminación e obxectividade, e as puntuacións alcanzadas serán as que determinan as subvencións obxecto de concesión conforme aos seguintes criterios de valoración, tendo en conta que cada proxecto poderá ser valorado cun máximo de **20 puntos**:

1-Calidade e contido técnico do proxecto cun máximo de **12 puntos** desagregados do seguinte xeito:

Calidade do proxecto. Terase en conta a claridade na descripción, fundamentación da necesidade, contextualización no Concello de Monforte, formulación obxectivos e concordancia coa finalidade da convocatoria, destinatarios, actividades, metodoloxía,, recursos necesarios, indicadores de avaliación (**Ata 5 puntos**):

- ✓ Actividades/proxectos definidos axeitadamente...5 puntos.
- ✓ Actividades/proxectos con definición máis xeral, aínda sendo axeitada pero insuficiente...3 puntos.
- ✓ Actividades/proxectos nos que se defina dun xeito indicativo sen pormenorizar..1 puntos.

Temporalización das actividades e sostibilidade no tempo (**Ata 2 puntos**):

- ✓ Actividades cunha duración inferior a un trimestre....0,5 puntos
- ✓ Actividades cunha duración entre 3 a 6 meses...1 puntos
- ✓ Actividades cunha duración de mais de 6 meses e con perspectiva de continuidade.....2 puntos

• Atención a tipoloxía de necesidades atendidas (**Ata 5 puntos**):

- ✓ Necesidades relacionadas con atención de necesidades básicas provocadas por situacións emerxencia social...5 puntos
- ✓ Necesidades de carácter sociosanitario tanto a nivel preventivo como asistencial ou rehabilitador...4 puntos
- ✓ Necesidades de normalización laboral/educativa....3 puntos
- ✓ Necesidades de relación social, ocio e tempo de lecer de maiores...2 puntos

2-Incidencia social do proxecto cun máximo de **5 puntos** desagregados do seguinte xeito:





- **Número persoas participantes(Ata 2 puntos):**
  - ✓ *Ata 25 persoas... 1 punto*
  - ✓ *De 26-74 persoas... 1,5 punto*
  - ✓ *Mais de 75 persoas ...2 puntos*
- **Apertura actividades (Ata 2 puntos):**
  - ✓ *Actividades abertas a todo o público...2 puntos*
  - ✓ *Actividades con prazas limitadas...1 puntos*
  - ✓ *Actividades só para socios...0,5 puntos*
- **Declaración da entidade como entidade de Utilidade Pública :1 punto**

*3-Experiencia no sector de poboación determinado pola maior implantación no Concello cun máximo de 2 punto:*

- ✓ *Entidades con 10 o mais anos de antiguidade....2 puntos*
- ✓ *Entidades cunha antiguidade entre 3 e 9 anos.....1 puntos*
- ✓ *Entidades cunha antiguidade de menos de 3 anos.....0,50 puntos*

*4-Carácter innovador do proxecto: 1 punto*

*B) O cálculo da subvención basearase no valor punto que será o resultado de dividir o importe total do proxecto subvencionable do correspondente exercicio (custe do proxecto menos os ingresos previstos) entre a puntuación máxima que se pode obter (20 puntos).*

*No caso de que exista remanente poderase incrementar o importe das subvencións, sen superar o importe máximo subvencionable, de forma proporcional ata esgotar a aplicación orzamentaria correspondente.*

*No caso de que o importe resultante da asignación de puntuación resulte superior do establecido como máximo no orzamento municipal para 2021 o importe das subvencións reducirase proporcionalmente.*

**Décimo terceira. Aceptación da subvención e compromisos das entidades beneficiarias**

*Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*



*As entidades beneficiarias se axustarán as obrigas xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).*

**Décimo cuarta. Forma e prazo de pagamento da subvención**

*O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.*

*Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

*Non se contempla a posibilidade de realizar pagos anticipados e abonos en conta.*

**Décimo quinta. Xustificación**

*Establécese como prazo para a xustificación dos proxectos executados no exercicio 2021 ata o día 30 de novembro de 2021 incluído.*

*A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:*

- a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas ou a financiar coa subvención e o seu custo no exercicio 2021 **Anexo V***
- b) Xustificación económica do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa acompañadas do **Anexo VI**. As facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.*

*En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pagamento das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados.*

- c) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas **Anexo VII**.*



- d) *Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada **Anexo IX**.*
- e) *Relación desagregada de cada un dos gastos realizados e ingresos percibidos con motivo da actividade subvencionada **Anexo IX***
- f) *Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.*

*As facturas presentadas rexeranse polas seguintes normas:*

*Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturar, que son os seguintes:*

- a. *Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.*
  - b. *Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e domicilio de quen a expide e do destinatario.*
  - c. *Descrición e data de realización da operación e a súa contra prestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co I.V.E. incluído)*
  - d. *Lugar e data de emisión.*
- 2.- *Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc) deberá constar ademais na factura emitida ao efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.*
- 3.- *As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.*
- 4.- *Si se está exento de IVE, engadir na factura: "EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTIGO QUE CORRESPONDA SEGUNDO Os SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DECEMBRO, DO IVE".*

#### **Décimo sexta. Reintegro de subvencións**

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:*

- a) *Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisen.*
- b) *Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
- c) *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*





- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

#### **Décimo sétima. Responsabilidades e réxime sancionador**

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

#### **Décimo oitaba. Control**

O Concello poderá levar a cabo actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta convocatoria.

#### **Disposición adicional**

Para os supostos non previstos nas presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.”

**SEGUNDO:** Ordenar a publicación da convocatoria, as bases reguladoras e as subvencións concedidas ó abeiro das mesmas na páxina web municipal, no Boletín Oficial da Provincia de acordo co art. 9 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), dacordo cos artigos 18 e 20 da citada Lei.”

E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.  
O ALCALDE

CSV: 07E50007AACD00Y2D7X5H6U8K6



#### FIRMANTE - FECHA





CSV: 07E50007AACD00Y2D7X5H6U8K6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007AACD00Y2D7X5H6U8K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ELISA MARTINEZ ARIAS-Secretaria accidental - 09/08/2021 JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 10/08/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/08/2021 10:16:58

DOCUMENTO: 20210502477
Fecha: 10/08/2021
Hora: 10:16

